



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL LAXE

Bases do XX Certame de Poesía Antón Zapata para o ano 2026

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DAS BASES DO XX CERTAME DE POESÍA ANTÓN ZAPATA PARA O ANO 2026

Expte. Admvo.: 2026/X999/000071

Expte. Decreto: 2026/G003/000566

ANTECEDENTES

Vista a proposta que formula a Concellería de Comercio, Hostalaría, Turismo e Cultura, para a celebración do XX CERTAME DE POESÍA ANTÓN ZAPATA GARCÍA para este ano 2026 que literalmente se transcribe:

“PROPOSTA DE BASES DA CONCELEIRA DELEGADA DE COMERCIO, HOSTALARÍA, TURISMO E CULTURA

Asunto: XX CERTAME DE POESÍA ANTÓN ZAPATA GARCÍA

Expte. Admvo.: 2026/X999/000071

Coa intención de continuar favorecendo o coñecemento e a aproximación á figura do histórico poeta local Antón Zapata García, así como coa finalidade de promover a creación literaria na súa vertente poética como parte importante do noso patrimonio cultural, O DEPARTAMENTO DE CULTURA deste concello, propón a que vén a ser a **VIXÉSIMA EDICIÓN DESTE CERTAME DE POESÍA**, con arranxo ás seguintes

BASES REGULADORAS

Primeira.- PARTICIPANTES e CATEGORÍAS.

1. Poderá participar no certame calquera persoa que así o desexe, podendo presentar un máximo de 2 poemas candidatos na categoría que corresponda.

2. As categorías estrutúranse en función da idade do/as autores e autoras, e son as seguintes:

- a) **CATEGORÍA INFANTIL:** ata os 11 anos,
- b) **CATEGORÍA XUVENIL:** dos 12 ós 25 anos,
- c) **CATEGORÍA ADULTA:** a partir dos 26 anos.

3. A participación no certame é de carácter libre e gratuíta.

4. Non poderán participar, en ningún caso, os membros do xurado nin do goberno municipal de Laxe, así como tampouco o persoal municipal nin os seus familiares de primeiro grao de consanguinidade ou afinidade de todas as persoas nomeadas con anterioridade.

Segunda.- REQUISITOS DOS POEMAS.

1. FORMATO: os poemas presentaranse en **FOLIO DIN A4** preferentemente mecanografado, aínda que tamén se admitirán escritos a man, sempre e cando estes sexan lexibles na súa totalidade.

2. O poema debe ter un TÍTULO, colocado antes do comezo da composición, e **debe ser ASINADO CUN PSEUDÓNIMO**, que cada persoa participante elixirá libremente. En ningún caso o nome da persoa autora poderá aparecer no mesmo documento do poema, de cara a garantir de forma xeral o anonimato na autoría de cada un dos poemas presentados e, en especial, durante o proceso de votacións para que estas sexan o máis obxectivas posibles. De cara a garantir o anterior, evitárase o emprego de pseudónimos derivados do nome e apelidos do autor ou autora, ou que induzan a desvelar a súa identidade.

3. A TEMÁTICA é de carácter libre. O Concello de Laxe resérvase o dereito de excluír do Certame todas aquelas composicións que pola súa natureza ou contido poidan resultar ofensivas, inxuriosas, malsoantes ou que poidan vulnerar os dereitos fundamentais de calquera ser vivo.

4. EXTENSIÓN: os poemas terán unha extensión mínima de 20 versos e máxima de 150 versos.

5. **IDIOMA:** de maneira preferente, escribíranse en lingua galega conforme á normativa vixente, aínda que, de maneira opcional, tamén se admitirá a súa presentación en lingua castelá para aquelas persoas de fóra de Galicia e sen competencias lingüísticas no idioma galego.

6. As composicións deben ser **ORIXINAIS, INÉDITAS e NON PREMIADAS** noutras edicións deste certame ou de calquera outro certame de carácter literario.

- Non se poderá participar tampouco con poemas que teñan algún compromiso de publicación con algunha editorial.
- No caso de que se comprobe que o poema é un plaxio ou que incumpe algúns dos requisitos da convocatoria, o Concello de Laxe retirará do Certame, podendo incluso retirar o premio outorgado no caso en que este dato se obteña con posterioridade.
- O Concello de Laxe non se fará responsable das posibles denuncias por plaxio ou eventualidade similar que puiden xurdir, recaendo na persoa participante afectada as accións legais que procedan e asumindo, se é o caso, as indemnizacións que puiden corresponder polos prexuízos ocasionados a particulares ou á organización.

Terceira.- FORMAS DE PRESENTACIÓN DOS POEMAS E PRAZOS.

1. Remítanse preferentemente, **DE FORMA TELEMÁTICA**, a través da sede electrónica municipal (<https://sede.laxe.es>).

2.- Tamén se admitirá o seu envío **POR CORREO POSTAL** dirixido ó Departamento de Cultura do Concello de Laxe: Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26, 15117, Laxe (A Coruña). Neste caso, será **requisito imprescindible o adianto de toda a documentación remitida por correo postal por correo electrónico** dirixido a cultura@concellodelaxe.com. Xunto con esta documentación, deberá de achegarse un xustificante do envío realizado a través correo postal. Este correo electrónico deberá de remitirse necesariamente dentro dos prazos establecidos para a presentación de poemas.

3.- Tamén se admitirá a **ENTREGA PRESENCIAL** no Rexistro das Oficinas Xerais da Casa do Concello, en horario de 09.00 a 14.00 horas.

2. **PRAZOS.** O prazo de presentación de poemas dará **COMEZO** ó día seguinte da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e **A DATA LÍMITE PARA A REMISIÓN**, será o **MARTES 18 DE AGOSTO do 2026 ás 13:00 horas**.

- **Non se admitirán ó certame, aqueles poemas recibidos fóra desta data**, coa excepción daqueles que cheguen por correo postal, sempre e cando, no sobre de envío, figure que a data na que se entregou nas oficinas de correos é anterior á data límite establecida nestas bases para o seu envío e se recibise un correo electrónico comunicando a súa remisión por correo postal.

Cuarta.- REQUISITOS DO ENVÍO DE POEMAS:

1. No caso do **ENVÍO TELEMÁTICO** deberá empregarse o procedemento de “solicitud xeral” da sede electrónica municipal e lembramos que para poder realizar dito trámite é preciso que a persoa que o realice posúa un certificado dixital ou similar que acredite a súa identidade de xeito electrónico. Neste caso, **xunto coa instancia de solicitud, deberán achegarse en formato .pdf o/s poema/s e unha copia do DNI, NIE ou pasaporte** tanto da persoa que presenta a solicitud, no caso de un terceiro autorizado, así como da persoa que participa como autora das composicións literarias.

- Na **instancia de SOLICITUDE XERAL** deberán indicar: os **DATOS DA PERSOA SOLICITANTE E PARTICIPANTE** no certame e facer constar o seu desexo de participar no XX Certame de Poesía Antón Zapata García, especificando neste impreso o/s título/s do/s poema/s presentado/s e o pseudónimo cos que este/s virá/n asinado/s.
- No caso das persoas **MENORES DE IDADE**, a presentación deberá realizala o pai, nai ou titor legal do mesmo/a, facendo constar na instancia o desexo de participar no XX Certame de Poesía Antón Zapata García por parte da persoa á que representa, especificando neste impreso o/s título/s do/s poema/s presentado/s e o pseudónimo cos que este/s virá/n asinado/s

2. No caso da **ENTREGA PRESENCIAL OU de ENVÍO POR CORREO POSTAL**, os poemas e datos persoais deberán remitir e/ou entregarse no interior dun sobre **DIN A4**. Neste sobre de envío ou entrega, deberá indicarse o seguinte:

- No **espazo reservado ó destinatario**, indicárase en letras maiúsculas “**XX CERTAME DE POESÍA ANTÓN ZAPATA**” xunto coa a **categoría á que se presenta** (infantil, xuvenil ou adulta) e o **endereço do Concello de Laxe** (Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26, 15117 Laxe). No **espazo reservado ó remitente**, escribírase soamente o **pseudónimo ou “falso nome”** elixido polo autor ou autora do/s poema/s, **non debendo aparecer en ningún caso o nome real do/a escritor/a** neste sobre de envío.
- Xunto co/s poema/s e o sobre, deberá entregarse ou remitirse:
 - Unha **COPIA DO DNI, NIE OU PASAPORTE** da persoa que participa no Certame. No caso dos menores de idade, **COPIA DO DNI, NIE ou PASAPORTE** do pai, nai e/ou titor/a legal.

- Unha “**INSTANCIA DE SOLICITUDE XERAL**” do **CONCELLO DE LAXE**, na que deberán indicar: os **DATOS DA PERSOA SOLICITANTE E PARTICIPANTE** no certame, e na que fagan constar o seu desexo de participar no XX Certame de Poesía Antón Zapata García, sinalando, en todo caso, o/s título/s do/s poema/s presentado/s e o pseudónimo cos que este/s virá/n asinado/s.

Esta instancia pode ser descargada tanto da sede electrónica municipal ou ben solicitada nas Oficinas Xerais da Casa do Concello de maneira presencial.

3. O Concello de Laxe resérvase o dereito de excluír do Certame todos aqueles poemas que non cumpran cos requisitos de presentación especificados con anterioridade.

Quinta.- DO XURADO:

1. O Departamento que instruírá o procedemento será a **Concellería delegada de Comercio, Hostalaría, Turismo e Cultura do Concello de Laxe**.

2. O xurado estará formado por 3 persoas traballadoras do Concello de Laxe vinculadas á **Concellaría delegada**, encargadas de elixir por votación individual, dous posibles poemas gañadores para cada unha das categorías do certame.

3. O xurado valorará os poemas presentados e que resulten admitidos ó Certame, do 1 ó 10 en función dos criterios especificados no vindeiro apartado das presentes Bases.

4. A **RESOLUCIÓN DO XURADO** será secreta e dela estenderase a acta correspondente pola Concelleira de Comercio, Hostalaría, Turismo e Cultura do Concello de Laxe, que exercerá como secretaria do xurado e que será trasladada á alcaldía para que dite Resolución de nomeamento das persoas gañadoras do certame.

5. O fallo do xurado é **inapelable**, e, en todo momento, prevalecerá o seu criterio sobre calquera outro. Sempre e cando ningún dos poemas presentados non reúnan un mínimo de estándares de calidade, non se remitan dentro de prazo establecido, ou non respecten os requisitos sinalados nestas bases, o xurado **poderá declarar deserto o premio en calquera das categorías**.

6. Para o non previsto nestas bases, será de aplicación o criterio do xurado.

Sexta.- CRITERIOS DE VALORACIÓN:

1. O xurado realizará a avaliación das obras presentadas, atendendo, como mínimo ós seguintes criterios:

- a) a **calidade artística e técnica**, tendo en conta a riqueza expresiva da linguaxe, a coherencia no desenvolvemento desta e a comprensión do fío condutor,
- b) o **interese literario da obra** e a súa contribución ao patrimonio cultural lingüístico do noso concello,
- c) a **vinculación e inspiración nas temáticas tratadas polo autor** homenaxeado no Certame, Antón Zapata, e
- d) **de maneira complementaria**, valorarase tamén a **ilustración** da creación poética.

Sétima.- RESOLUCIÓN DO CERTAME E PUBLICIDADE:

1. A convocatoria e as súas bases, así como os sucesivos anuncios relativos a este Certame, publicaranse no BOP, no Taboleiro de Anuncios electrónico do Concello de Laxe, así como nas redes sociais municipais e Base de Datos Nacional de Subvencións.

2. O resultado da deliberación do xurado reflectirase nun informe emitido pola Concellaría de Cultura, comercio, hostalaría e Turismo, que terá carácter de proposta de Resolución.

3. Á vista deste informe, a alcaldía emitirá Resolución na que elevará a proposta de Resolución a definitiva e especificará as persoas premiadas e os importes adxudicados, declarando, de ser preciso, deserta algunha das categorías.

4. A decisión do xurado **farase pública o sábado 22 de agosto durante a celebración do XX Solpor Poético** a partir das 20.00 horas.

5. Con posterioridade á celebración de dito acto, o nome e apelidos das persoas gañadoras, así como as obras premiadas poderán ser publicadas tanto na páxina web municipal, así como nas redes sociais.

Oitava.- PREMIO:

1. A cada unha das persoas gañadoras, ademais de outorgarlles un **DIPLOMA E AGASALLO** de recoñecemento e que os acredita como gañador/a, **FARÁSELLES ENTREGA DUN VALE por importe de 100,00€, o cal que lles dará dereito a facer compras ou inversións nun ou en varios comercio e/ou locais hostaleiros do noso Concello**.

Os diplomas, agasallos e vales, serán entregados en acto público celebrado o sábado 22 de agosto deste ano 2026, ó que deberán comparecer as persoas gañadoras ou no seu defecto, representante que designen mediante a correspondente autorización.

2. A PERSOA PREMIADA DEBERÁ ABOAR EN PRIMEIRA INSTANCIA, O CUSTO TOTAL DA/S COMPRA/S ou INVERSIÓN/S REALIZADAS polo importe equivalente ó premio outorgado polo Concello de Laxe, 100,00€, salvo que esta acorde cos locais comerciais ou hostaleiros o pagamento posterior, unha vez que o importe do premio sexa ingresado mediante transferencia bancaria na conta da/s persoa/s gañadoras por parte do Concello de Laxe:

- No caso de que a persoa gañadora presente factura/s por importe menor ó do importe do premio outorgado, o Concello de Laxe procederá á minorización do pagamento ata o importe da factura presentada.
- No caso de que a persoa premiada presente unha factura por maior importe debido á mellora das condicións do premio outorgado, en todo caso, e salvo causas de forza maior, o Concello de Laxe procederá a ingresar o importe do premio outorgado na Resolución de conclusión do procedemento das votacións.

3. Para facer efectivo o PAGAMENTO DO PREMIO, as persoas gañadoras, deberán presentar no Concello de Laxe a seguinte documentación:

- 3.1. INSTANCIA DE SOLICITUDE DE PREMIO** que deberá de solicitarse nas oficinas xerais ou descargar da páxina web do concello de laxe, sinalando o número de conta bancaria no que o Concello de Laxe lle reembolsará o importe de dita/s factura/s e que, en ningún caso, superará o importe máximo outorgado do premio, segundo o modelo facilitado no ANEXO II.
- 3.2. ORIXINAL OU COPIA COTEXADA DO SEU DNI.**
- 3.3. ORIXINAL OU COPIA COTEXADA DA/S FACTURA/S QUE LLE SERÁN EXPEDIDAS NOS COMERCIOS E/OU LOCAIS DA HOSTALARÍA DO CONCELLO DE LAXE** en que decida inverter o importe do premio outorgado.
- 3.4. CERTIFICADO DE TITULARIDADE DA CONTA BANCARIA NA QUE SE REALIZARÁ O INGRESO.**
 - No caso dos MENORES DE IDADE OU PERSOAS CON DISCAPACIDADE, será a nai/pai ou titor/a quen tramitará a solicitude, debendo presentar documento que acredite dita representación.

4. A presentación da citada documentación, poderá facerse tanto de xeito presencial como de xeito telemático, a través da sede electrónica municipal, sendo en todo caso O PRAZO MÁXIMO DE SOLICITUDE DO PREMIO o día 30.09.2026.

5. Os premios outorgados son de carácter nominativo e por tanto, teñen carácter persoal e son intransferible a terceiras persoas ou outras entidades.

6. No caso de non tramitarse a solicitude en tempo e forma, salvo casos de forza maior, o Concello de Laxe entenderá que a persoa ou grupo de persoas que resultaron premiadas no certame desisten do mesmo.

7. Os premios concedidos aos beneficiarios, serán publicados na plataforma da Base de Datos Nacional de Subvencións e comunicados á Axencia Estatal Tributaria, tal e como requira a lexislación vixente que resulte de aplicación.

Novena.- DATOS PERSOAIS E DEREITOS DE IMAXE:

1. Os datos persoais das persoas participantes serán empregados, unicamente, coa finalidade de xestionar e executar este certame. O/s nome/s e apelidos da/s persoa/s gañadora/s, así como a fotografía da persoa no momento da recollida e entrega do premio do certame, faranse públicos para o seu xeral coñecemento tanto ós medios de comunicación locais como a través dos medios de comunicación social dependentes do Concello de Laxe.

Consonte ao disposto na Lei e o Regulamento xeral de protección de datos 679/2016 DOUE, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Laxe relacionados con este certame, coa finalidade de utilízalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada coa súa participación no certame. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

2. As obras que se presenten ó certame, pasarán a formar parte do arquivo literario do Concello de Laxe e enriquecerán o patrimonio cultural municipal. Este concello resérvase o dereito de exposición, reprodución e publicación de ditas obras sin que medie ánimo de lucro e sen que poidan ser obxecto de compravenda. En ningún caso serán esixibles dereitos de autor por parte do escritor ou escritora da obra.

3.- A organización realizará reportaxes fotográficas dos diferentes momentos da entrega de premios do certame que serán publicadas e compartidas nas redes sociais e canles de comunicación habituais.

Décima.- A PARTICIPACIÓN no certame, implica a TOTAL ACEPTACIÓN DAS BASES.

Undécima.- RECURSOS

Con carácter potestativo, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, e coa Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes, ou ben recurso-contencioso administrativo no prazo de dous meses, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente.

Disposición adicional

En todo o non previsto nestas bases, será a equipa de goberno municipal quen decida, sendo de aplicación, así mesmo, a Lei 38/2003 xeral de subvencións, a Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas, o Real Decreto 887/2006 de Regulamento Xeral de Subvencións, Lei 7/1985 Reguladora das bases do réxime Local e o Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da Lei de facendas locais.

En Laxe, na data da sinatura á marxe. A Concelleira de Comercio, Hostalaría, Turismo e Cultura, Raquel Lema Allo."

En consecuencia, esta alcaldía, en virtude das atribucións conferidas pola normativa vixente"

RESOLVE:

Primeiro: Aprobar a proposta da Concellería de Comercio, Hostalaría, Turismo e Cultural para a celebración do XX Certame de Poesía Antón Zapata García.

Segundo: Que se publiquen as presentes bases no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

Mándao e asínao, en Laxe o alcalde, do que eu secretaria dou fe. (29/07/2026)

O alcalde,

Francisco Charlín Oróns

A secretaria-interventora,

Begoña Carrasco García

2026/5060